

Colexio Oficial de
Psicología de Galicia

MEMORIA 2008






MEMORIA 2008



MEMORIA 2008



INTRODUCCIÓN

POLA

Estimados compañeiros e compañeiras de profesión:

Nas páxinas que tedes nas vosas mans, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentámosvos o balance dun ano de traballo.

Non é sinxelo transmitir en forma de papel e tinta a ilusión, os esforzos, as dúbidas, os debates, as aprendizaxes... de tantos e tantas profesionais que participástedes activamente na vida colexial ao longo de 12 meses.

Os datos a 31 de decembro de 2008 informan de que sodes 185 psicólogos e psicólogas as que vos fóstedes incorporando ao longo do ano e de que, consecuentemente, iades deixando a vosa pegada nas actividades do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e nos diferentes grupos e seccións. Aproveitamos esta ocasión para darvos novamente a benvida e transmitirvos o desexo de que atopedes no Colexio un espazo para compartir ideas e experiencias, e tamén para seguir ampliando as dimensións da nosa profesión.

É a nosa obriga profesional e colexial estar presentes na cotidianidade, nas dinámicas sociais de maior transcendencia para o benestar das persoas e da comunidade. Así pois, esta idea principal guiou a actividade dos diferentes órganos colexiais, incrementándose a nosa actividade en todas as áreas de intervención, en todos os grupos e seccións.

Como lembraredes, o 2008 foi acompañado do lema “Pola educación” porque, ademais dun importante ámbito de intervención profesional para os psicólogos e psicólogas, na Educación reside o presente e futuro da formación da cidadanía e polo tanto, as oportunidades de desenvolvemento e progreso da nosa sociedade.

Igualmente, ao longo do ano, as propostas e actividades do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia foron constantes no ámbito dos servizos sociais, da educación, da psicoloxía clínica, da psicoloxía xurídica, da psicoloxía do traballo e das organizacións, na mediación, na inmigración, en tráfico e seguridade viaria, en xénero e igualdade, en catástrofes e emerxencias e na ética e a deontoloxía. Intensa actividade que se viu reflectida nun importante incremento de cursos de formación e perfeccionamento en moitas e diversas temáticas de interese para a mellora do quefacer da Psicoloxía.

Participamos tamén no Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos do estado, traballando para que a Psicoloxía como disciplina científica ocupe o lugar que merece na sociedade.

Tamén foi no 2008 cando se oficializou o cambio de denominación do Colexio. Este cambio, que tivo moi boa acollida tanto no contorno profesional como no social, prodúcese pola necesidade de empregar unha linguaxe máis inclusiva e correcta na denominación do Colexio Profesional e para corrixir as discriminacións e avanzar no camiño da igualdade.

Xa con certa perspectiva temporal, comprobamos que foi un ano de estreas: denominación da entidade, muda nos estatutos, creación da figura do valedor/a

EDUCACIÓN

dos colexiados e colexiadas xunto co regulamento correspondente, rexistro de sociedades profesionais...

Sen esquecer que iniciamos novas colaboracións institucionais a través da sinatura de diversos convenios coa Universidade de Santiago de Compostela, coa Fundación Meniños, coa Fundación Educación Deporte y Salud ou coa Dirección General de Instituciones Penitenciarias do Ministerio do Interior. Á vez mantivemos outros convenios xa existentes en anos anteriores coma os asinados coa Xunta de Galicia, tanto en materia de protección civil coma o de asistencia psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero e a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

Queremos estar presentes na sociedade a través de diferentes canles de comunicación e formas de expresión. Por iso, o COPG elaborou e difundiu notas de prensa e comunicados sobre diversas actividades e temáticas, sirvan de exemplo as notas de prensa sobre cursos de formación, xornadas e encontros e as declaracións institucionais que emite o Colexio con motivo de datas e eventos sinalados... Ao mesmo tempo, tamén os medios de comunicación, cada vez en máis ocasións, demandaron a participación do Colexio e das psicólogas e psicólogos para analizar e afondar en temas de actualidade e interese para a sociedade.

Doutra banda, a Comisión de Cultura pulou por facerse cun espazo propio, que sirva para mostrar a expresión da psicoloxía na pintura, na literatura, na música. As ideas, os sentimentos, as emocións tamén contribúen ao desenvolvemento profesional.

O noso obxectivo: seguir medrando como colectivo, estender o coñecemento a respecto da profesión... pero, aínda que soe a obviedade, non unicamente nos importa o fondo, dámoslle a maior importancia á forma: queremos facelo colectivamente desde unha organización esencialmente participativa e dinámica. Por iso tampouco deixamos de reivindicar ás administracións políticas a incorporación ou incremento de psicólogos e psicólogas nas diferentes áreas de intervención.

Neste momento, é un desafío poder responder ás necesidades que está a xerar o momento de crise económica e social que estamos a vivir. Inevitablemente isto é unha interpelación ao noso saber profesional, que ten como meta última contribuír ao benestar das persoas e ao progreso das sociedades.

Seguro, seguro, que quedan temas importantes sen mencionar nesta breve reseña. Se isto é así, lembre que temos unha fonda e sincera necesidade de seguir escoitando suxestións, aportacións, críticas... que contribúan a facer medrar a nosa profesión e, como instrumento útil e necesario, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

ÍNDICE

1. Estado da colexiación.....	8
2. Órganos de xestión	9
Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas	9
Xunta de Goberno	11
3. Comisión de Ética e Deontoloxía.....	12
4. Valedor/a das colexiadas e colexiados	14
5. Seccións	20
Sección de Psicoloxía Clínica.....	20
Sección de Psicoloxía Educativa.....	24
Sección de Psicoloxía Xurídica	26
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.....	27
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	29
6. Comisións.....	31
Comisión Intersectorial de Mediación	31
Comisión Intersectorial sobre Inmigración	32
Comisión Intersectorial de Xénero	33
Comisión de Psicoloxía do Deporte.....	35
Comisión de Cultura	35
7 Grupos de Traballo.....	37
GIPCE. Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias.....	37
Grupo de Tráfico e Seguridade.....	42
Grupo de Traballo dos Centros de Información á Muller.....	44
8. Convenios de colaboración	45
Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero	45
Programa “Abramos o Círculo”	47
Atención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias.....	49
Dirección General de Instituciones Penitenciarias	50
Fundación Educación, Deporte y Salud	51
Universidade de Santiago de Compostela	52
9. Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense	53
10. Beca Siota de Investigación en Psicoloxía	54
11. Representación Colexial nos Consellos da Administración	55
12. En representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.....	56
13. Relacións e colaboracións institucionais.....	61
14. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos	66
15. Publicacións	68
16. Medios de comunicación.....	70
17. Servizos colexiais.....	74
18. Balances económicos.....	77

ESTADO DA COLEXIACIÓN

1. A 31/12/2008

Altas	185
Última promoción	73
Outras promocións	97
Reincorporacións	7
Traslados	8

Baixas	92
Voluntarias	64
Por falta de pagamento de cotas	16
Traslados	9
Defunción	3

Colexiados e colexiadas inscritos nas Seccións Profesionais do COPG

Sección de Psicoloxía Clínica	245
Sección de Psicoloxía Educativa	74
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	66
Sección de Psicoloxía Xurídica	107
Sección de Psicoloxía do Traballo e as Organizacións	75

Total colexiados e colexiadas
a 31/12/2008

2.122

2. ORGANOS DE XESTIÓN

ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS/OS

A Asemblea Xeral de Colexiadas/os é o órgano supremo de decisión do Colexio, e está constituída por todos os colexiados e colexiadas.

Celebráronse as seguintes sesións:

- 8 de abril de 2008. Sesión Ordinaria.
- 2 de decembro de 2008. Sesión Ordinaria.



Cambio de denominación do colexio

O 2 de maio de 2008 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 87/2008 polo que se aproba o cambio de denominación do noso Colexio Oficial, que pasa a denominarse *Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia*.

O novo nome respecta as siglas de COPG pero reflicte unha linguaxe máis inclusiva e correcta na denominación do noso colexio profesional, atendendo ás indicacións de uso non sexista da linguaxe e ás recomendacións da Lei Galega para a Igualdade de Mulleres e Homes (Lei 7/2004, do 16 de xullo) para corrixir as discriminacións e avanzar no camiño da igualdade.

O termo *Psicoloxía* recolle tanto ás profesionais como aos profesionais que se titularon e traballan nos distintos ámbitos deste campo e substitúe ao termo *Psicólogos* –masculino plural– que era utilizado como xenérico e que estaba a invisibilizar a participación e achegas das mulleres, maioría na nosa profesión.

Actualmente un bo número de Colexios Oficiais de Psicólogos de todo o Estado están a seguir un proceso semellante para adecuar o seu nome ás indicacións anteriormente sinaladas e non ocultar a importante presenza das mulleres na Psicoloxía.

Era este un compromiso da actual Xunta de Goberno do COPG, que vai contribuír a conseguir un Colexio de todos e todas, plural e integrador.



Asemblea Xeral de Colexiadas/os
2 de decembro de 2008. Sesión Ordinaria

Novos estatutos do colexio

Coa publicación o 9 de xuño no Diario Oficial de Galicia do Decreto 114/2008, do 22 de maio, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, culminou o proceso de adaptación dos mesmos á Lei 11/2001 de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia que nos viña requirindo a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Permitiunos tamén esta reforma a adaptación dos estatutos á Lei 2/2007, de sociedades profesionais, en vigor desde o 16 de xuño de 2007.

Os estatutos desenvólvense ao longo de 71 artigos, estruturados en 14 capítulos e dúas disposicións adicionais.

Entre as novidades reseñaremos o desenvolvemento da obrigatoriedade de colexiación e de inscrición no rexistro de sociedades profesionais do Colexio, así como unha mellor clarificación das causas de perda da condición de colexiado/a.

En canto aos órganos de goberno hai que salientar, ademais do cambio de nome da Xunta Xeral polo de Asemblea Xeral de colexiados/as, que por esixencia de adaptación á lei de colexios profesionais o/a Decano/a non é un cargo máis da Xunta de Goberno senón o órgano presidencial e unipersoal ao que compete a execución dos acordos da Xunta de Goberno e a representación legal do Colexio.

Dentro das competencias da Asemblea Xeral de colexiados/as régúlase o procedemento para a moción de censura contra o/a Decano/a e a Xunta de Goberno.

Polo que atinxe ao réxime electoral, co fin de acadar as maiores garantías, modifícase a regulación da emisión do voto por correo.

No apartado económico establécese que os balances e contas de resultados serán auditados anualmente o que redundará na transparencia da xestión económica e patrimonial do Colexio.

Temos que mencionar por último dúas grandes novidades que aparecen por primeira vez nos estatutos e teñen como fin último acadar unha mellor defensa dos colexiados e colexiadas, así como fortalecer a organización colexial, o exercicio da profesión e a presenza na sociedade. Unha delas é a creación da figura do/a Valedor/a dos colexiados/as, cumprindo así cun dos compromisos desta Xunta de Goberno. A outra novidade é a previsión de constitución do Consello Social do COPG como órgano estábel de asesoramento, análise e estudos sobre a profesión, cuxa composición e regulamento de funcionamento desenvolveranse máis adiante.

En definitiva, uns estatutos para reforzar a nosa idea dun Colexio de todos e todas, plural, participativo, aberto á sociedade, que aborrece do corporativismo estéril pero que non abdica do seu lexítimo dereito a demandar dos poderes públicos máis e mellores medios para a profesión e para a atención psicolóxica da cidadanía.

XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.

M^a Rosa Álvarez Prada

Decana

Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Inmigración /

Responsable da Páxina Web

Ana M^a Fieira Nogareda

Secretaria

M^a Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Empleo

Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro

Xosé Lois Cea Nogueira

Vogal

Juan Manuel Daponte Codina

Vogal / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación

José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop

Concha Fernández Fernández

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero

Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade

Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía

Concha Rodríguez Pérez

Vogal / Vogalía de Actividade Profesional Privada

Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación



Celebráronse un total de
10 reunións da Xunta de Goberno
e 5 reunións da Comisión
Permanente para a dirección
e xestión da actividade colexial.

3.

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

A Comisión Ética e Deontoloxía está formada por un/unha Presidente/a, un/unha Secretario/a e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados/as pola Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión de Ética e Deontoloxía dispón de total independencia, facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 26 de xaneiro
- 9 de abril
- 19 de maio
- 26 de xuño
- 17 de setembro
- 24 de novembro

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

Elixio A. Domarco Álvarez
Presidente

Marta Rivas Rodríguez
Secretaria

Francisco Blanco Romero
Ma José Ramil Fraga
Ma Ángeles Castro Díaz
Vogais

Antonio González Fernández
Coordinación coa Xunta de Goberno



Comisión de Ética e Deontoloxía

ACTIVIDADES

a) Denuncias:

Abríronse oito expedientes durante o 2008, dos cales:

- 3 foron admitidos a trámite.
- 1 está en trámite.
- 1 arquivouse por falta de probas.
- 1 non foi admitido por considerar a Comisión que non era da súa competencia
- 1 non foi admitido por falta de datos obxectivos que sustenten a denuncia
- 1 non foi admitido por non constatare vulneración do Código Deontolóxico.

b) Consultas:

Durante este ano recibíronse na Comisión un total de 18 consultas sobre deontoloxía profesional. A temática das consultas pódese resumir en: confidencialidade e historia clínica, relación entre profesional e cliente e autorización para informes periciais de menores.



Comisión Electoral, conformada por Elixio Domarco Álvarez, Marta Rivas Rodríguez e Francisco Blanco Romero

c) O Presidente da Comisión, Elixio Domarco Álvarez, participou nas seguintes actividades:

- Participación nun Máster de Psicoloxía Xurídica.
- Docencia no curso *Aspectos Deontolóxicos no Exercicio da Psicoloxía Forense* celebrado o 13 de marzo na Facultade de Psicoloxía da USC e organizado pola Sección de Psicoloxía Xurídica.
- Participación o 12 de novembro coa ponencia *Boas prácticas na intervención profesional* nas Sesións Informativas *Psicoloxía do traballo. A responsabilidade profesional* organizadas pola Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións e dirixidas a alumnos de 5º curso de psicoloxía da USC.

d) Elixio Domarco Álvarez, Presidente, e Francisco Blanco Romero, Vogal, asistiron á sesión de formación do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero: Bioética e deontoloxía en violencia de xénero celebrada o 20 de decembro.

e) Constitución da Comisión Electoral, conformada por Elixio Domarco Álvarez, Marta Rivas Rodríguez e Francisco Blanco Romero, para o seguimento e control dos procesos electorais da Sección de Psicoloxía Xurídica e da Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

4.

VALEDOR/A DAS COLEXIADAS E DOS COLEXIADOS



José Manuel Pazos Riveiro
Valedor das Colexiadas
e dos Colexiados

A figura do/a Valedor/a das Colexiadas e dos Colexiados ven especificada nos Estatutos do Colexio de Psicoloxía de Galicia, concretamente no capítulo XI, como un/unha defensor/a dos dereitos e intereses de todos/as os/as colexiados/as perante os demais órganos colexiais, exceptuando a Comisión de Ética e Deontoloxía, ou pola intervención de terceiros.

Seguindo o cumprimento dos Estatutos o 2 de decembro en Asemblea Xeral levouse a cabo a aprobación do Regulamento do/a Valedor/a das Colexiadas e dos Colexiados. Así mesmo, tamén se aprobou por unanimidade, e a proposición da Xunta de Goberno, a designación do colexiado José Manuel Pazos Riveiro para este posto.

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO/A VALEDOR/A DAS COLEXIADAS E COLEXIADOS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Preámbulo

En cumprimento do establecido no capítulo XI, artigo 68 dos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, aprobados polo Decreto 114/2008 da Xunta de Galicia, a presente disposición normativa, aprobada, a proposta da Xunta de Goberno, pola Asemblea Xeral de colexiados/as na súa sesión do 2 de decembro de 2008, ten como finalidade regular a figura do/a valedor/a dos colexiados/as como órgano independente encargado da defensa e da protección dos dereitos e das liberdades de todos os membros do COPG, e cuxas actuacións estarán sempre dirixidas a mellorar o funcionamento do Colexio e a defensa da profesión de psicólogo/a.

Artigo 1

O Valedor/a é unha institución colexial definida nos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia como a figura que ten por obxecto a defensa dos dereitos e lexítimos intereses dos colexiados/as, tanto diante da actuación dos diferentes órganos colexiais, agás a Comisión de Ética e Deontoloxía, como pola intervención de terceiros.

A condición de Valedor/a é incompatible co desempeño de calquera outro cargo de representación ou goberno colexial.

Artigo 2

No exercicio das súas competencias o Valedor/a actuará con imparcialidade, autonomía e segundo o seu criterio. Non estará sometido a mandato imperativo algún nin se lle poderán dirixir instrucións de ningunha autoridade colexial.

Nos casos en que a súa intervención vaia referida a actuacións das distintas Administracións Públicas ou entidades públicas ou privadas alleas á organización colexial, poderá solicitar, previa autorización da Xunta de Goberno, a colaboración de órganos similares de outros Colexios.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia garante a protección e o amparo do valedor/a por razón das súas actuacións. Ao valedor/a dos colexiados/as non se lle poderá abrir un expediente nin se lle poderá sancionar por causa das opinións expresadas ou das accións realizadas no exercicio das súas funcións.

Artigo 3

As recomendacións e propostas do Valedor/a non terán carácter vinculante nin poderán modificar por si mesmas acordos ou resolucións dos órganos de goberno do COPG, aínda que poderán suxerir a modificación dos criterios empregados na súa elaboración; tampouco serán susceptibles de recurso.

Artigo 4

O Valedor/a será nomeado a proposta da Xunta de Goberno pola Asemblea Xeral de colexiados/as, por maioría cualificada de dous terzos para un período de cinco anos, ampliables unicamente a outros cinco polo mesmo procedemento.

Poderá ser elixido Valedor/a calquera colexiado/a do COPG cunha antigüidade mínima de cinco anos ininterrompidos de colexiación no momento en que é proposto, que non teña sido sancionado por infracción deontolóxica e que estea ao corrente nas súas obrigas económicas co Colexio.

Artigo 5

O Valedor/a dos colexiados finalizará o seu mandato, ademais do especificado no artigo 6 deste regulamento, polas seguintes causas:

- a) Por propio pedimento.
- b) Por expiración do prazo do seu mandato, aínda que permanecerá en funcións ata que a Asemblea Xeral elixa a quen o vai suceder.
- c) Por deixar de ser membro do COPG.
- d) Por morte ou incapacidade sobrevida para desempeñar as súas funcións.
- e) Por inhabilitación declarada en sentenza firme.

Artigo 6

Cando se aprecie negligencia ou abandono nas súas tarefas que poñan de manifesto a falla de idoneidade para o cargo, o nomeamento do Valedor/a poderá ser revogado pola Asemblea Xeral de colexiados, por maioría cualificada de dous terzos, en asemblea extraordinaria convocada ao efecto.

A revogación poderá solicitarse a Xunta de Goberno cando o estime conveniente, ou mediante escrito de alomenos o 10 por cento dos colexiados.

O Valedor/a obxecto de revogación poderá dirixirse de palabra ou por escrito a Asemblea Xeral antes da votación de revogación.

Artigo 7

O Valedor/a non poderá intervir:

- Cando o asunto sometido á súa consideración estea pendente dalgún procedemento xudicial ou cando se trate de asuntos xa xulgados.
- Cando teña transcorrido máis de un ano desde o momento no que o/a colexiado/a tivera coñecemento dos feitos obxecto da súa queixa.
- Cando se trate de queixas anónimas e sen pretensión concreta, ou nas que se aprecia mala fe, ou aquelas cuxa tramitación poida causar prexuízos ao lexítimo dereito de terceiros.
- Cando os feitos que motivan a queixa están a ser ou xa foron obxecto dun expediente tramitado pola Comisión de Ética e Deontoloxía. Asemade cesará na súa intervención se con posterioridade ao inicio desta a Comisión de Ética e Deontoloxía admitise unha denuncia polos mesmos feitos.

Artigo 8

O Valedor/a poderá iniciar de oficio as accións necesarias para o esclarecemento de actos e resolucións das Administracións Públicas e dos seus axentes, empresas ou particulares, en relación cos/as psicólogos/as para o traslado dos resultados das mesmas á Xunta de Goberno e que esta, de ser o caso, o designe para a prosecución das actuacións.

Artigo 9

Son competencia do Valedor/a:

- a) A incoación de expediente dirixido a clarexar os actos ou omisións administrativas en relación cos dereitos e intereses profesionais dos colexiados e colexiadas. O seu ámbito abranguerá as denuncias presentadas por actuacións do persoal administrativo do colexio e dos seus órganos de goberno, así como polas directivas das seccións profesionais, coordinadores de programas e demais compoñentes de comisións e grupos de traballo.
- b) A representación da Institución cando realice a defensa dos dereitos xerais ou particulares dos/as colexiados/as fronte a terceiros se así é designado pola/o Decana/o.
- c) A apertura de informacións previas á persecución legal que corresponde á Xunta de Goberno nos casos de intrusismo profesional e competencia desleal.
- d) A mediación en conflitos profesionais entre colexiados/as cando así sexa aceptado polas partes, e tamén entre estes e os particulares. Neste exercicio atenderá os dereitos das/os profesionais, dos que é valedor, e tamén os dos/as usuarios/as a recibir unha atención psicolóxica de calidade no profesional e no deontolóxico.
- e) O deseño e proposta de políticas de promoción e divulgación dos dereitos das psicólogas e psicólogos relativos á súa profesión que remitirá á Xunta de Goberno para o seu estudo e aprobación, se procede.
- f) O mantemento dunha comunicación permanente co Decano/a e coa Xunta de Goberno.

Artigo 10

Anualmente o Valedor/a presentará un informe da súa xestión diante da Asemblea Xeral de colexiados/as, informe que será publicado na memoria correspondente unha vez aprobado pola Asemblea Xeral.

A memoria deberá conter información, cando menos, sobre o número e o tipo de queixas ou reclamacións presentadas, as reclamacións obxecto de investigación, o resultado destas e as recomendacións e suxestións xerais formuladas para a mellora do funcionamento do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Na memoria anual non constarán datos persoais que permitan a identificación das persoas implicadas no procedemento de investigación.

Artigo 11

O valedor/a, ademais do informe-memoria anual, poderá presentar perante os órganos de goberno do Colexio os informes que entenda oportunos, por iniciativa propia ou cando así sexa requirido tanto pola Xunta de Goberno como pola Asemblea Xeral de colexiados/as.

Tamén poderá formularlles aos distintos órganos colexiais recomendacións e suxestións sobre a protección dos dereitos dos colexiados e colexiadas do COPG, que en ningún caso poderán revisar ou revogar resolucións ou actos administrativos.

Artigo 12

Calquera colexiado/a pode solicitar a intervención do Valedor/a se considera vulnerados os seus dereitos en canto profesional da psicoloxía, tanto polo Colexio como por calquera organismo ou entidade pública ou privada.

Artigo 13

A intervención do Valedor/a solicitarase por escrito, asinado polo/a interesado/a, identificado/a con nome, apelidos e número de colexiación, así como polo enderezo a efectos de notificacións, especificando os feitos que motivan a queixa.

A presentación dunha queixa ante o Valedor/a, así como a súa posterior admisión se procede, non suspenderá en ningún caso os prazos previstos polas leis para recorrer tanto en vía administrativa como xurisdiccional, nin a execución da resolución ou acto afectado.

Artigo 14

Recibido o escrito de queixa, rexistrarase con acuse de recibo.

Cando a queixa vaia referida a actos ou omisións dos órganos ou persoal do COPG, o Valedor/a, unha vez estudada e avaliada a documentación aportada, decidirá se admite ou non a queixa en resolución motivada que comunicará ás partes afectadas.

Se a queixa vai referida a actos ou acordos de organismos, empresas ou persoas alleas ao COPG, no caso de admitir a queixa o Valedor/a deberá solicitar o permiso e aprobación da Xunta de Goberno para proseguir a investigación oportuna.

Se os feitos que motivan a queixa estiveran excluídos das competencias do Valedor/a ou non se apreciara neles irregularidade algunha, comunicáraselle ao/á reclamante en escrito motivado, informándoo a ser posible das mellores vías para dar a valer os seus dereitos.

Artigo 15

Se a queixa é admitida abrírase un expediente con toma de declaracións (orais ou por escrito) ás partes afectadas ata chegar a unha resolución final que determinará se houbo ou non violación de dereitos, e de habela, as recomendacións que estime pertinentes.

Se a queixa afecta a organismos, empresas ou persoas alleas ao COPG e a Xunta de Goberno aproba o inicio da investigación a proposta do Valedor, polo/a Decano/a emitirase escrito aos responsables desas entidades para solicitar a información necesaria.

Artigo 16

Os pronunciamentos e recomendacións do Valedor/a sobre as queixas recibidas deberán producirse nun prazo non superior aos tres meses desde que foron presentadas.

Artigo 17

O valedor/a poderá solicitar do colexio a colaboración que considere axeitada para o desenvolvemento das súas funcións. Os órganos colexiados e unipersoais, así como os servizos administrativos deberán prestarlle a axuda necesaria para o cumprimento das súas tarefas, dentro do prazo que fixa este Regulamento.

Tamén poderá solicitar asistencia técnica das asesorías xurídica, fiscal e laboral, caso de que a precise para a realización das súas funcións.

Artigo 18

Cando unha reclamación por accións ou omisións achacables ao aparato colexial sexa admitida, o valedor/a recadará a información que considere necesaria para o esclarecemento dos feitos. Nestes casos, dará conta do contido substancial do escrito á persoa ou ao órgano colexial pertinentes para que, no prazo de quince días hábiles, fagan as alegacións oportunas, entreguen a documentación conveniente ou comparezan para informar. Se se obviasen tales requirimentos, o valedor informará deles á autoridade colexial que corresponda para esta proceder en consecuencia.

Ademais, durante esta fase de instrución, o valedor poderá acudir a calquera dependencia do Colexio para comprobar todos os datos que fosen necesarios, facer as entrevistas persoais debidas ou proceder ao estudo da documentación necesaria. Para tales efectos, terá acceso a todo expediente ou documentación administrativa que teña relación coa investigación, sen prexuízo do que dispoña a lexislación vixente sobre a protección de datos persoais.

A información obtida durante a tramitación deste procedemento terá carácter estritamente confidencial.

Artigo 19

A resolución do Valedor/a sobre a queixa ou reclamación presentada deberá ser notificada formalmente ás persoas interesadas.

Tamén a comunicará ao órgano colexial afectado, coas suxestións ou as recomendacións que considere convenientes para a emenda, no seu caso, das deficiencias apreciadas.

As decisións e as resolucións do valedor/a non teñen a consideración de actos administrativos e non serán obxecto de ningún recurso. Tampouco son xuridicamente vinculantes e non modificarán por si propias acordos ou resolucións emanadas dos órganos colexiais.

Artigo 20

Con aceptación expresa das partes implicadas, o valedor/a dos colexiados/as poderá iniciar un acto de mediación para axudarlles a que cheguen a un acordo ou no seu caso un acto de conciliación para propor unha solución pactada coas partes que resolva os conflitos que se tiveran producido entre membros da organización colexial.

As solicitudes de mediación e de conciliación formalizaranas as persoas interesadas no Rexistro do colexio mediante escrito asinado polas dúas partes e en que se conteñan os seus datos persoais, as áreas ás que pertencen e os seus enderezos para os efectos de notificación. Nel concretaranse con clareza os feitos que motivan a solicitude, o alcance da pretensión que se formula e o pedimento mediador ou conciliador que se dirixa ao valedor/a dos colexiados/as.

O valedor/a, no desenvolvemento da súa actuación, servirase dos medios que considere adecuados para lograr unha solución pactada do conflito. Os acordos que resultaren da sesión de mediación ou da de conciliación poderán recollerse nunha acta que deberá figurar asinada polo valedor/a e polas persoas que solicitaran a mediación ou a conciliación. Só terán carácter vinculante entre as partes implicadas os acordos adoptados en conciliación.

Artigo 21

A modificación do presente regulamento compete a Asemblea Xeral de colexiados/as do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

A iniciativa para a modificación do regulamento corresponde á Xunta de Goberno. O valedor/a poderá tamén suxerir a esta as modificacións que estime oportunas acompañando escrito detallado dos preceptos e das disposicións cuxa modificación se propón e do seu texto alternativo.

A aprobación da modificación esixirá o voto afirmativo da Asemblea Xeral por maioría cualificada de dous terzos.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado pola Asemblea Xeral de colexiados/as. O seu texto darase a coñecer entre os colexiados/as a través daqueles medios que garantan a súa difusión.

Incluirase igualmente o seu texto na primeira memoria anual que se elabore desde que sexa aprobado.

5. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dispón de 5 Seccións Profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas que conforman un ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

5.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 22 de xaneiro
- 11 de marzo
- 13 de maio
- 1 de xullo
- 16 de setembro
- 14 de outubro
- 11 de novembro
- 21 de novembro
(Asemblea de Socios/as)

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Mercedes Castro Bal

Presidenta

M^a del Pilar Milán Cerqueiro

Vicepresidenta

Xavier Sardiña Agra

Secretario

Manuel Castro Bouzas

Tesoureiro

Yolanda Castro Casanova / Rosa Cerqueiro Landín

Dolores González Cabaleiro / José Javier González Hermida

Delia Guitián Rodríguez Vogais



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica



Curso de *Formación en Neuropsicoloxía: Funcións Executivas*, 30 e 31 de maio

ACTIVIDADES

a) Cursos de formación:

- *Formación en Neuropsicoloxía: Funcións Executivas*
 Datat: 30 e 31 de maio
 Docente: Javier Tirapu Ustarroz. Psicólogo do Servizo de Neuropsicoloxía e Neuropsiquiatría da Clínica Urbarmin (Navarra).
- *Seminario: A Teoría de Personalidade de Theodore Millon, e os seus Instrumentos de Avaliación: MCMI-III, e MACI*
 Datat: 18 de outubro
 Docente: Roberto Varela Conde. Psicólogo Especialista de Área do Servizo de Saúde Mental do Complexo Hospitalario Ourenán (CHOU).

b) Xornadas da Sección:

- **XIII Xornada da Sección de Psicología Clínica** co título *A Tristura por Dentro: Actualización Sobre os Trastornos Afectivos*
 Datat: 21 e 22 de novembro
 Lugar: Auditorio da Casa da Cultura “Pintor Lloréns” do Concello de Sada (A Coruña).

Comité Organizador:

Víctor Torrado Oubiña. Presidente
 Laura Ageitos Miragaya. Vogal
 María Pienso Linares. Vogal
 Jorge García Fernández. Vogal

Comité Científico:

Xavier Sardiña Agra. Presidente
 Montserrat Durán Bouzas. Vogal
 Áurea Losada Quinteiros. Vogal



Seminario: *A Teoría de Personalidade de Theodore Millon, e os seus Instrumentos de Avaliación: MCMI-III, e MACI*, 18 de outubro



XIII Xornadas da Sección de Psicología Clínica, 21 e 22 de novembro

c) Anuario de Psicoloxía Clínica:

Comité de Redacción composto por:

Gonzalo Martínez Sande

Director

Rosa Cerqueiro Landín

Marisol Filgueira Bouza

Delia Guitián Rodríguez

Manuel Santiago Lopo Lago

José Antonio Muñiz Torrado

Rosa Rey Pousada

José Luís Rodríguez-Arias Palomo

En preparación o vindeiro número do Anuario de Psicoloxía Clínica.

d) Grupos de traballo:**■ Grupo de traballo dos/as titores/as dos/as psicólogos/as internos/as residentes:**

Composición: Santiago Lago Canzobre (Coordinador) / Mercedes Castro Bal / Miguel Anxo García Álvarez / M^a del Carmen Martínez Sánchez / Gonzalo Martínez Sande / Julia Amalia Rodríguez Suárez.

Actualmente, o grupo de titores/as está coordinando a solicitude de atención continuada para todas as áreas sanitarias que teñen acreditada o formación PIR.

No tocante aos contidos da residencia, o grupo paralizou a súa actividade xa que dende a Consellería se comunicou que están a traballar nunha homoxeneización da docencia de todos/as os/as residentes.

■ Grupo de traballo para o seguimento do Plan Estratéxico de Saúde Mental da Xunta:

Composición: Manuel Castro Bouzas (Coordinador) / Gonzalo Martínez Sande / José Berdullas Barreiro / Raquel Lagares Rodríguez / Manuel Araujo Gallego.

O obxectivo do grupo é realizar un seguimento do Plan Estratéxico de Saúde Mental.

■ Grupo de traballo de Neuropsicoloxía:

Composición: José Javier González Hermida (Coordinador) / Irene Martínez Montero / Rocío García Calvo / Xavier Sardiña Agra.

Este grupo foi creado para organizar un programa de docencia continuado en neuropsicoloxía para os vindeiros anos.



Comité Organizador do I Congreso Galego de Psicoloxía Clínica

■ **Grupo de traballo/comités organizador e científico do I Congreso Galego de Psicoloxía Clínica:**

Comité Organizador: Miguel Anxo García Álvarez (Presidente) / Xavier Sardiña Agra (Secretario) / Jorge Bajo Lema / Manuel Castro Bouzas / Celia Cameselle Taboada / Juan Daponte Codina / Ignacio Dopico González / Manuel Lopo Lago / M^a del Pilar Millán Cerqueiro / Casilda Oujo Fernández / Roberto Varela Conde.

Reunións: 3 de setembro e 18 de novembro.

O Comité Organizador está en disposición de soste a actividade determinada polo Comité Científico e para satisfacer as necesidades organizativas que xere o encontro.

Durante este ano fixouse a sede do Congreso no Centro Sociocultural Caixanova en Vigo, difundíuse o anuncio do Congreso e o programa preliminar e foise avanzando noutros puntos como a edición de materias, Comité de Honra,...

Comité Científico: Miguel Anxo García Álvarez (Presidente) / Xavier Sardiña Agra (Secretario) / Felisa Balboa Cardoso / Francisco Blanco Romero / Jacinto Casas Araújo / Marisol Filgueira Bouza / Rocío García Calvo / Isabel González-Abraldes Iglesias / Dolores González Cabaleiro / Santiago Lago Canzobre / Gonzalo Martínez Sande / María José Pérez Vázquez/ Encarnación Sueiro Domínguez / María Victoria Vilán Pérez

Reunións: 24 de xaneiro, 26 de xuño e 11 de decembro.

Durante este ano traballouse no contido do Congreso tendo definido a totalidade de simposios e ponencias e engadíronse os simposios *Neuropsicoloxía Clínica* e *Psicoloxía Clínica Legal e Forense*.

- e) **Organización dunha Xornada de Traballo** para analizar a situación da Psicoloxía Clínica na sanidade pública galega. Tivo como título *Saúde, Psicoloxía Clínica e Sanidade en Galicia*. Celebrouse o sábado 1 de marzo. Tivo como resultado o manifesto remitido a todos/as os/as colexiados/as “Non hai atención psicolóxica no SERGAS sen psicólogos/as clínicos/as”.



Comité Científico do I Congreso Galego de Psicoloxía Clínica

- f) **Mercedes Castro Bal, Presidenta, e Delia Guitián Rodríguez, Vogal, asistiron ás reunións coa Mesa Galega da Psicoloxía Clínica** nas seguintes datas: 17 de xaneiro, 19 de febreiro, 25 de marzo, 29 de abril, 17 de xuño, 9 e 30 de setembro, 10 de novembro e 15 de decembro.
- g) Elaboración dun **documento de saídas profesionais dos/as psicólogos/as titulados/as no eido da Psicoloxía Clínica**.
- h) **Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG** de Mediación, Xénero e de Inmigración.

5.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 16 de xaneiro
- 26 de febreiro
- 7 de marzo
- 25 de marzo
- 7 de maio
- 11 de xuño
- 6 de outubro
- 28 de novembro
- 29 de novembro
(Asemblea de Socios/as)

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Olegaria Mosqueda Bueno

Presidenta

José Manuel Pazos Riveiro

Vicepresidente (ata o 2 de decembro)

María Moya Casares

Secretaria

José Carlos Cardama Barrientos

Tesoureiro

M^a Concepción Pazo Ferreiro

Alfredo Fornos Pérez

Manuela del Palacio García

Onésimo Juncos Rabadán

M^a Belén Álvarez Sande (A partires do 29 de novembro)

Vogais



Xunta Directiva da Sección
de Psicoloxía Educativa



Curso de *Formación e Actualización en Déficit
de Atención e Hiperactividade*, 7 e 8 de marzo

ACTIVIDADES

a) Cursos de Formación:

■ *Formación e Actualización en Déficit de Atención e Hiperactividade*

Datas: 7 e 8 de marzo de 2008

Docentes: Manuel Óscar Blanco Barca, médico pediatra especialista en neuropediatría do Hospital Xeral de Vigo e Xosé Ramón García Soto, psicólogo clínico da Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Hospital Militar de Burgos.

b) Xornadas da Sección

■ X Xornadas da Sección de Psicoloxía Educativa co título

Xornadas Sobre Escola e Saúde Mental Infanto-Xuvenil (1ª Parte)

Docentes: Manuel Fernández Blanco, psicólogo do Servizo de Psiquiatría Infantil do Hospital Teresa Herrera, e Federico Martínez Osorio, psiquiatra do Servizo de Psiquiatría Infantil do Hospital Teresa Herrera.
Datas: 28 e 29 de novembro.

Lugar: Salón de Actos da Facultade de Psicoloxía da USC.

c) Ponencia sobre A hiperactividade na infancia no salón TODOSALUD 2008 – Salón da Saúde e Hábitos de Vida, impartida por José Carlos Cardama Barrientos, o 19 abril no IFEVI de Vigo.

d) Participacións nas Comisións Intersectoriais do COPG de Mediación, Xénero e de Inmigración.



*X Xornadas da Sección de Psicoloxía Educativa,
28 e 29 de novembro*

5.3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 30 de abril
- 13 de setembro
(Asemblea de Socios/as)
- 18 de outubro
- 8 de novembro



Xunta Directiva,
ata o 13 de setembro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Ata o 13 de setembro:

Ramón Arce Fernández
Presidente

Juan Luís Basanta Dopico
Vicepresidente

Luisa Mª Blanco Caramés
Tesoureira

Mª Jesús Rodríguez Rodríguez
Secretaria

Francisca Fariña Rivera
Mercedes Novo Pérez
Mª Avelina Piñeiro Salorio
Mª Rosario Pousa Torres
Antonia San Martín García
Vogais

A partir do 13 de setembro:

Carmen Morell Muñoz
Presidenta

Ana Suárez Martínez
Vicepresidenta

Rubén Villar Trencó
Secretario

Ana Izquierdo Galante
Tesoureira

Clara Isabel Fernández Rodicio
María Isabel Rodríguez Prego
Julita María Touriño Araujo
Juan Carlos Forneiro Casas
José Antonio Varela Alonso
Vogais

ACTIVIDADES

a) Cursos:

- *Aspectos Deontolóxicos no Exercicio da Psicoloxía Forense*
Curso de Formación Específica para Psicólogos/as do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense.
Datas: 15 de Marzo
Docentes: Elixio A. Domarco Álvarez, Presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, e Alejandro Martín López, Avogado do bufete Trepas Avogados.
- *Psicopatoloxía Forense: A Proba Pericial*
Datas: 11 e 12 de abril
Docente: Gualberto Buena Casal. Criminólogo e catedrático de Avaliación Psicolóxica da Universidade de Granada.

b) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG de Mediación, Xénero e Inmigración.



Xunta Directiva,
a partir do 13 de setembro



Curso de *Psicopatoloxía Forense: A Proba Pericial*, 11 e 12 de abril

5.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

REUNIÓN

Celebráronse nas seguintes datas:

- 12 de febreiro
- 8 de abril
- 10 de xuño
- 28 de outubro

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

José Luís Domínguez Rey
Coordinador

José Manuel Campal Fernández
Mónica Couso Fuentes
Eva Muíño Gómez
M^a Concepción Prado Álvarez
Carlos Montes Piñeiro
Ana M^a Fieira Nogareda
Vogais

ACTIVIDADES

a) Foro “Traballo, Condutas e Tensións. ¿Preguntas polo Mobbing?”

Data: 8 de marzo.

Coordinador: José Luís Domínguez Rey.

Ponencias:

- *As Vicisitudes da Vítima de Acoso Moral no Traballo*
Ponente: Eva Ventín Lorenzo. Presidenta da Asociación Galega Contra o Acoso Moral no Traballo.
- *A Figura do Acosador no Mobbing*
Ponente: María Isabel Soler Sánchez. Vogal de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COP de Murcia.



Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Foro *Traballo, Condutas e Tensións. ¿Preguntas polo Mobbing?*, 8 de marzo



Sesión informativa *Traballo, Recursos e Emerxencias: Xestionando Emocións e Cafés*, 19 de novembro

**b) Sesións informativas “Psicoloxía do Traballo:
A responsabilidade profesional”**

Destinadas a estudantes de 5º curso da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Coordinador: José Luís Domínguez Rey.

- *Xestionando Persoas e Capacidades*
Data: 5 de novembro
Ponentes: Sabela Quintas Bueno, Responsable de Recursos Humanos, e Cynthia Alonso Fernández, Xerente Outsourcing RRHH. de Oesia Tecnología.
- *Boas Prácticas na Intervención Profesional*
Data: 12 de novembro
Ponentes: Elixio A. Domarco Álvarez, Presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.
- *Traballo, Recursos e Emerxencias: Xestionando Emocións e Cafés*
Data: 19 de novembro
Ponentes: Concepción López Martín e Alejandra Garralón Comesaña, membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG.

c) Colaboración coa organización do 14 Congreso Europeo de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, que se celebrará no 2009.

d) Ao longo deste ano elaborouse a seguinte documentación:

- Regulamento de Réxime Interno da División Psicoloxía do Traballo e das Organizacións e Recursos Humanos do Consejo General de COP.
- *Acordo sobre o novo marco de relación laborais en Galicia.*
- *Emprendedor. A creación de empresa.*
- *O traballo por conta allea. Os/As contratados/as laborais.*
- *Emprego e mercado laboral. A prospección.*
- O/A empresario/a e o/a traballador/a. Guía 1.
- Condicións de traballo. Guía 2.
- Contratación laboral. Guía 3.
- Contratación laboral. Tipos de contrato.

e) Participación nas Comisións Intersectoriais do COPG
de Mediación, Inmigración e Xénero.

5.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

REUNIÓN

